

ONDE PUBLICAR? GUÍA

Non sempre é doado elixir a revista na que podemos publicar o noso artigo, xa que son varios os factores que influirán na decisión:

1. Impacto da revista. Sempre que sexa posible, debemos optar por unha revista de impacto, de cara a unha posterior avaliación da nosa produción científica. As distintas axencias de avaliación valoran preferentemente os artigos publicados en revistas indizadas en Web of Science e en Scopus, e polo tanto as recollidas no JCR (Journal Citation Reports) e SJR (Scimago Journal Rank). De non estar nestes índices poderán ser considerados os indicios de calidade da revista, isto é que cumpran unha serie de requisitos como son a revisión por pares, resume e palabras chave en inglés, e tamén se terán en conta as citas recibidas polo artigo. Se estamos realizando unha tese por compendio de artigos será imprescindible tamén o impacto da revista.



4. Acceso aberto ou pechado, e ás veces, relacionado con este punto, se estamos ou non dispostos a pagar por publicar. Non debemos desconfiar do acceso aberto, é a tendencia actual da produción científica e a que nos vai dar máis visibilidade e, polo tanto, maior número de citas. O número de revistas en OA incluídas nos índices de impacto estase incrementando. Cal é o problema? Que en ocasións para publicar en algunha desas revistas debemos pagar unha cantidade considerable que pode variar entre os 1000 e 3000 €. Hai revistas que ofrecen as dúas opcións pero a de acceso aberto con pago se publica antes.

2. Idoneidade da materia. Debemos ler con detemento a cobertura temática da revista, tipoloxía de documentos, así como o tipo de análise que aceptan (cuantitativos, cualitativos, de caso, estudos comparativos, etc.) Asegurarémonos que o noso artigo se adapta ben a os requirimentos.

3. Periodicidade e rapidez na publicación dos traballos (prazos de revisión, de aceptación e tempo ata a publicación). Non é o mesmo publicar un traballo en humanidades que un traballo de ciencia e tecnoloxía, se no primeiro caso a rapidez pode non ser imprescindible, si o é no segundo, xa que a obsolescencia da información é moito maior. Tamén é un factor importante cando o artigo forma parte dun proxecto cun tempo límite estipulado para a súa publicación. Debemos valorar asemade as taxas de rexeitamento, para non perder tempo agardando se previsiblemente imos ter poucas probabilidades.

Para que un artigo sexa admitido nunha revista de impacto é imprescindible que o tema tratado sexa relevante e que, dalgún xeito, teña alcance internacional. Tamén é importante elixir ben quen vai colaborar con nós, xa que actualmente prima a autoría colectiva, o traballo en equipa nunha investigación, e as revistas científicas internacionais van por ese camiño, de aceptar traballos realizados co esforzo e participación de varias persoas. Mais o número non debe ser excesivo e cada participante deberá ter un papel activo no traballo, a orde de autoría virá determinada pola importancia da contribución de cada quen.

1. Procurar nos índices de gradación ou impacto JCR (Web of Science, de Thompson & Reuters, agora Clarivate) e SJR <http://www.scimagojr.com> (Scopus, de Elsevier), nos que atoparemos as revistas que teñen maior impacto a nivel internacional. Permiten buscar revistas, facer comparacións entre varias, ver rankings por áreas, limitar por países, etc. Tamén existen outros índices como son o índice H (en SJR) e H5 que podemos ver en Scholar Metrics ou o ICDS que ofrece MIAR (para revistas españolas e tamén internacionais).

Como procurar as revistas de maior impacto para publicar?

2. Outras bases de datos que non dan índices de impacto pero si nos permiten ver indicios de calidade da revista: Emerging Sources Citation Index (ESCI) tamén de Thomson-Reuters no que están as revistas que superaron unha primeira avaliación de Clarivate e que poderán continuar para a súa posible inclusión en SCIE, SSCI e AHCI. A Clasificación Integrada de Revistas Científicas (CIRC) <https://clasificacioncirc.es/inicio> ofrece unha clasificación de revistas científicas de Ciencias Sociais e Humanas en función da súa calidade. Tamén podemos buscar entre as revistas que teñen o selo de calidade da FECYT <https://calidadrevistas.fecyt.es/>.



3. É importante facer unha procura bibliográfica sobre o noso tema nas principais fontes bibliográficas nacionais e internacionais (WOS, Scopus, Psycinfo, Eric, Pubmed, Sport Discus, CSIC, Dialnet) para ver onde son publicados os artigos relacionados co noso tema, despois miraremos se esas revistas teñen factor de impacto ou satisfán os criterios de calidade. Se buscamos en WOS ou en Scopus é evidente que a revista xa ten unha calidade boa.

ferramentas específicas

Existen ademais ferramentas específicas que nos permiten, a partires da introdución do título, palabras chave ou abstract do noso manuscrito, ver unha listaxe de revistas clasificadas de maior a menor impacto, ofrecendo ademais os prazos de revisión, aceptación e publicación, así como se é preciso pagar ou non e as porcentaxes de rexeitamento.

- Journal guide <https://www.journalguide.com/>: E unha ferramenta creada por persoal informático e de investigación. Permítenos ademais do comentado anteriormente crear un perfil para crear listaxes, exportar datos e compartir con colegas.
- Springer Journal Selector, con moita información sobre como preparar o manuscrito e consellos prácticos. A ferramenta Springer Journal Suggest <https://journalsuggester.springer.com/#> permite buscar revistas introducindo título ou abstract, limitando por área.
- Edanz Journal Selector <https://www.edanzediting.com/journal-selector>. Coas mesmas opcións xa comentadas.
- Elsevier Journal Finder <http://journalfinder.elsevier.com>. E similar aos anteriores pero restrinxido ás revistas de Elsevier.

Asemade debemos ter en conta onde non publicar, xa que existen revistas chamadas depredadoras. Estas revistas utilizan nomes similares a revistas de impacto e indicadores con nomes que tamén nos poden despistar. OLLO!, adoitan enviar correos electrónicos ofrecendo publicar nas súas revistas, non confíedes nestas propostas. Consultade antes na Biblioteca. CIRC ofrece unha base de datos na que podemos procurar se unha revista é ou non depredadora <https://clasificacioncirc.es/resultados-busqueda-predator>, ou ben consultar a Beall's listo f predatory journals <https://beallslist.weebly.com/>

A Biblioteca axúdavos

- Aprendervos no uso de todas estas ferramentas
- Na revisión do manuscrito (estrutura, palabras chave ou bibliografía).
- Seleccionar as revistas máis axeitadas para publicar.

